

E UN RAPAZ DE BETANZOS

o novo Director da Coral do Centro Betanzos "Os Rumorosos"



E con fonda ledicia que presento ante os lectores a personalidade d-un novo vaor galego qu-istá chamado a ocupar un lugar de privilexio entre o núcleo dos bós e xenerosos que c-o seu esforzo contribúen a honrar e prestixiar a nosa patria galega.

Il é un rapaz qu-a pesares da súa xuventude, xa ten conquiridos méritos dabondo coma prá merescer a admiración i-o aprauso de todol-os que sintimos o anxeio d-elevar a personalidade de Galiza por meio d-unha acción constante de superazón tendente a honrar á nosa patria en todol-os nosos aitos.

Nascido o 19 d-Octobero de 1922, en Betanzos a fidalga cibdá das Mariñas, iste rapaz densde neno amostrou unha especial dedicazón a música.

Os 6 anos ingresou n-Academia Municipal de Música de Betanzos, alternando os seus estudos musicas c-o desenrolo da súa personalidade, frecuentando c-o tempo os meios artísticos de Betanzos e da Cruña, e integrando a Banda Municipal da Cibdá de Betanzos que dirixía don Víctor Pariente, a mais de conxuntos populares, nos que iba adequirindo mais coñecimentos, e poñéndose en contacto c-o sentimento do pobo.

Os 17 anos —coma outros moitos— tivo qu-emigrar do chán nativo, chegando a Bós Aires nos mediados do ano 1940.

A súa vocazón pol-a música, levouno a formar parte de conxuntos musicas galegos, i-ó seu ingreso na Coral do Centro Betanzos "Os Rumorosos".

Mais iste rapaz non anxeiaba ser parte d-un conxunto, senón ser un músico, un director; i-eisí sacrificando as horas do descanso, logo do traballo diario, adicouse o estudio da ciencia e dos segredos das notas musicas.

Quenes o coñecemos, sabemos das súas pri-

vazóns e dos seus sacrificios en col da súa vocazón artística.

Noites sin dormir, traballando enriba do piano, e estudeando os libros de música; tendo qu-ir a mañán cedo o traballo diario sin tan siquiera haber fechado os ollos na noite.

Dias sin comer e con miles de privazóns porque os primeiros cartos do seu xornal eran prá pagar ó mestre, e mercar as cousas necesarias prá seguir estudeando.

En moitas horas de charla c-o qu-isto escribe, iste admirable rapaz fíxome confidente da súa aspirazón de chegar a sere un bó músico, un mestre, un compositor; e non era por vanidade, senón porque anxeiaba chegar a faquer música galega d-outa xerarquía, prá elevar o nivel cultural do noso pobo, e xerarquizar á nosa terra en ambientes estranos, onde non se decatan con verdadeira xusteza de cales son os vaores moraes e materiaes da patria galega.

Eu, qu-escoitei admirado o entusiasmo i-o anxeio d-iste rapaz, creio n-il; na súa vocazón; nos seus méritos; nos seus coñecimentos; na súa inspirazón, e sobor de tudo na súa vountade de trunfo, e no seu cariño e sentimento hacia Galiza, i estou seguro de que n-un mañán xubiloso, alí onde istán escritos os nomes dos grandes músicos galegos, haberá un posto reservado prá ista firme espranza que se abre paso decididamente pol-os camiños da arte musical.

Baixo a direición do mestre don Lorenzo Cerrallach, afervoadamente dia tras dia traballa incesantemente prá saber mais e mais, pois coma il afirma, en música nunca se remata de estudar cando hai vocazón de chegar a ser alguen no terreo d-isa arte.

Com-afirmaba mais arriba, iste rapaz non podia conformarse con ser un simple inte-

grante d-iste ou aquí conxunto. Na Coral do Centro Betanzos "Os Rumorosos" tivo a oportunidade d-amostrarnos os seus méritos e coñecimentos.

Densde o primeiro día, o mestre don Xosé Corallini afirmou qu-aí estaba o futuro director do coro, e con il unha firme promesa prá as masas coraes do porvir.

O lado do mestre Corallini foi adequirindo a eixperiencia i-a confianza necesaria prá dirixir un conxunto coral, i-o producirse o retiro d-iste mestre da dirección dos "Rumorosos", o Centro Betanzos resolveu a situación que se lle prantexaba encomendándolle a dirección do seu coro a iste rapaz brigantiño —Carlos López García— quen de cheo se abocou á reorganización do mesmo.

Logo d-un paciente traballo, tendo que loitar c-os miles d-inconvenientes que se presentaban prá dirixir un coro de vountades coma son os coros galegos, chegou a presentazón da Coral do Centro Betanzos "Os Rumorosos" no Día de Galiza, e cantos escoitamos as súas belidas e magníficas interpretazóns, estivemos dacordo en afirmar qu-iste xoven mestre deu-lle nova vida e maor eixpresión a iste conxunto que leva sobre sí a responsabilidade de responder sempre os seus longos e prestixiosos antecedentes.

Con elementos novos e vellos mancomunando os seus esforzos, Carlos López García armoñizou no seu traballo o espírito da letra e-a inspirazón do autor da música; i-e qu-iste rapaz a mais de ser múseco, é galego, e coma tal sinte a poesía, a letra das nosas canzáns;

porque as palpou no seu contacto c-o pobo, e tén todol-os atributos prá chegar a sere un gran múseco galego.

As entidades, as persoas i-os periódicos da nosa coleitividade, témol-a obriga d-alentar i axudar a iste novo vaor da Galiza emigrada que se abre paso pol-os seus méritos e pol-o seu esforzo, e temos qu-estimulal-o prá darlle isa sensazón de confianza e seguridá que tudo principiante necesita.

Eu cumpro hoxe c-unha obriga moral, destacando o feito auspicioso de que unha das mais vellas e prestixiosas masas coraes da coleitividade galega de Bós Aires —"Os Rumorosos" do Centro Betanzos— seia dirixida por un mestre galego, i qu-a súa aituazón seia tan eficaz e brillante coma cando foi dirixida pol-os mestres arxentinos don Isidro B. Maiztegui e don Xosé Corallini, ós que rindo o homenaxe da miña admirazón e respeto, pol-o moito que levan feito en col da música galega.

E prá iste rapaz de Betanzos, a vella Cibdá do Mandeo, cuna de Faraldo, Cabeza de León, e tantos ilustres homes da Galiza; qu-é un verdadeiro tempo da nazonalidade galega, prá iste fillo da Cibdá dos Cabaleiros, o meu aprauso e felicitazón pol-a súa laboura e pol-o seu éxito, i-a seguir sempre pol-as roitas do trunfo, honorando a Galiza e prestixiando a música galega.

Adiante irmán Carlos López García. Sempre adiante e...

¡Terra a Nosa!

A. Suárez do Pazo

NUESTRA PORTADA

Con grandísima satisfacción y no poco orgullo, reproducimos en nuestra portada la copia fotográfica del dibujo a pluma, original del extraordinario artista brigantino don José Veiga Roel, que representa con increíble perfección y fidelidad el sepulcro de Fernán Pérez de Andrade —O Bó—, que se conserva en el convento de San Francisco en Betanzos.

Son tres temas que se prestarían a muchas consideraciones por su representación e importancia en sus diferentes aspectos; Fernán Pérez de Andrade, el sepulcro y Veiga Roel.

El primero, porque fué una figura que encerró en sí toda una página brillante de nuestra historia. El sepulcro porque es una real, magnífica y verdadera obra de arte, y Veiga Roel porque es un hermoso ejemplo de vo-

luntad y constancia al servicio de un arte en el que es todo un maestro.

Muchas han sido las muestras que este reputado artista betancero nos ha hecho conocer, pero consideramos que éste es uno de los trabajos más extraordinarios que ha salido de su pluma privilegiada.

La perfección y nitidez de este dibujo, escapa a todo comentario. Si bien las dificultades existentes en materia fotográfica no nos han permitido presentar con más claridad el dibujo, en el mismo puede apreciarse el trabajo brillante de un consumado artista.

Sólo nos resta felicitar efusivamente a nuestro ilustre coterráneo, de quien esperamos nuevas pruebas de su suficiencia artística.